

CONCELLO DE
SANTIAGO

ESTUDIO ECONÓMICO SERVIZO DE CONSERXERÍA E LIMPEZA

16 de XANEIRO

2013

Estudo económico para a prestación do servizo de conserxería e limpeza a realizar en varias instalacións deportivas municipais.

INTRODUCCIÓN


Previamente á realización do presente estudo económico que pretende cuantificar economicamente e con carácter estimativo a prestación integral do servizo de conserxería e limpeza a realizar en varias instalacións deportivas municipais, é preciso facer constar o seguinte:

1. A situación económica actual do Concello de Santiago conleva un Plan de Axuste que obriga, segundo indicacións da Concellería de Facenda, a que por parte do Departamento de Deportes se deba axustar á baixa as prestacións deste servizo o que conleva unha reducción respecto do existente na actualidade. A diminución de prestacións supón fundamentalmente non contemplar a apertura no horario das mañás –de luns a venres– dos pavillóns polideportivos de Fontiñas e Pontepedriña, que están destinados durante o período indicado ao desenvolvemento da asignatura curricular de Educación Física dos IES da Pontepedriña e Antón Fraguas, respectivamente.

O resto de axustes afectan, en menor medida, ás outras instalacións incluídas no presente estudo e son básicamente os seguintes:

- Diminución da prestación do servizo durante os días festivos, minorando a apertura dos recintos ao longo dun ano. No caso concreto do CF de Belvís, non se considera esta posibilidade.
 - Diminución proporcional da prestación do servizo de limpeza vinculado coa apertura dos recintos en festivo.
2. Por outra banda e, mantendo o criterio establecido noutros estudos, a porcentaxe que se fixa para gastos xerais do contrato diminúe do 13% ao 8%, e de forma similar tamén redúcese a porcentaxe do beneficio de empresa que pasa do 8% ao 5%, debendo considerarse estes como cantidades estimadas. A consideración da situación económica actual provoca un axuste á baixa destes porcentaxes.

Tendo en conta o exposto elabórase o presente estudo económico que, salvo erro involuntario, axústase aos mínimos necesarios para poder seguir mantendo a prestación básica que esixen os compromisos deportivos das entidades locais, das diferentes propostas municipais e a demanda do resto dos cidadáns e colectivos, en xeral.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ESTUDO ECONÓMICO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO INTEGRAL DE CONSERXERÍA E LIMPEZA A DESENVOLVER EN VARIAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

1. CONSERXERÍA

Este estudio económico ven determinado en relación á prestación do servicio de conserxería a desenvolver nos campos de fútbol de Santa Isabel, As Cancelas, San Lázaro (Sergas), Villestro e Belvís F-8 e nos pavillóns de Lorenzo de la Torre, Pontepedriña, Fontiñas, Vite e Restollar. Para o cálculo económico deste servizo considérase o Convenio autonómico de instalacións deportivas e ximnasios (DOGA de 20 de setembro de 2010), incrementándose as tarifas definidas para o ano 2012 nun 2,9 % en base a variación anual do indicador adiantado do IPC de novembro de 2012.

1. A.- CAMPOS DE FÚTBOL DE SANTA ISABEL, AS CANCELAS, SAN LÁZARO (SERGAS) E VILLESTRO

Apertura e control das instalacións durante 11 meses ao ano, estando pechadas previsiblemente desde o 10 de xullo ao 10 de agosto.

Horario estimado de luns a venres de 16,30 a 23,30 horas.
Sábados e Domingos de 9 a 22 horas, ininterrompidamente.


Horas totais luns a venres: 7 h/día x 5 días/semana = 35 horas
Horas totais sábado e domingo: 26 horas.

61 horas/semana x 4,34 semanas/mes= 264,74 horas/mes x 11 meses= 2.912,14 horas/ano.

Catro instalacións: 2.912,14 horas/ano x 4 = 11.648,56 horas/ano ≈ **11.649 h/ano**

Estas horas corresponden aos períodos de tempo nos que o servizo se presta continuadamente cos horarios antes sinalados. A maiores debemos de considerar un mínimo número de festivos nos que é preciso que se abran estas instalacións que se sumarian ás calculadas.

4 festivos x 8 horas/día = 32 horas
Catro instalacións: 32 horas/ano x 4= 128 horas
Segundo o artigo 26 do convenio de aplicación temos que considerar 1,5 h. por hora traballada en festivo, é dicir,
128 h. en festivos x 1,5 h. = 192 h. ordinarias.



1.B.- CAMPO DE FÚTBOL 8 DE BELVÍS

Dadas as características particulares desta instalación que posúe un tamaño menor ás consideradas anteriormente e, en base á experiencia destes anos, partimos do suposto de que as necesidades iniciais serán inferiores respecto dos campos anteriormente indicados, especialmente no que se refire a fins de semana e meses de apertura. Consideramos 10 meses de apertura.

Horario estimado de luns a venres de 17 a 23 horas.

Fins de semana: un máximo de 10 horas que poderán desenvolverse ininterrompidamente, nunca posterior das 22 horas.

Horas totais luns a venres: 6 h/día x 5 días/semana = 30 horas

Horas totais fins de semana: 10 horas.

40 horas/semana x 4,34 semanas/mes= 173,60 horas/mes x 10 meses= 1.736 h/ano.

Estas horas corresponden aos períodos de tempo nos que o servizo se presta continuadamente cos horarios antes sinalados.

Polo tanto, o número total de horas de prestación do servizo de conserxería a realizar nos campos de fútbol son:

11.649 h. + 192 h. + 1.736 h. = 13.577 horas/ano nos campos de fútbol.

1. C. PAVILLÓN LORENZO DE LA TORRE

Apertura e control da instalación durante 10 meses ao ano, estando previsiblemente pechada desde o 1 de xullo ao 31 de agosto.

Horario estimado de luns a venres de 9,30 a 14,30 horas e de 16,30 horas a 23,30 horas.

Fins de semana un máximo de 12 horas, nunca posterior das 22 horas

Horas totais luns a venres: 12 h/día x 5 días/semana = 60 horas/semana

Fins de semana: 12 horas

72 h/semana x 4,34 semanas/mes = 312,48 h/mes x 10 meses = 3.124,8 ≈ 3.125 horas/ano.

A maiores debemos de considerar un número mínimo de festivos nos que é preciso que se preste o servizo nesta instalación que se sumarian ás calculadas.

4 festivos x 8 horas/día = 32 horas

Segundo o artigo 26 do convenio de aplicación temos que considerar 1,5 h. por hora traballada en festivo, é dicir,

32 h. en festivos x 1,5 h. = 48 h. ordinarias.

Polo tanto,

3.125 horas/ano + 48 horas = 3.173 horas/ano no pavillón Lorenzo de la Torre

1. D. PAVILLÓNS DA PONTEPEDRÍÑA E FONTIÑAS

Apertura e control das instalacións durante 10 meses ao ano, estando pechadas previsivamente desde o 1 de xullo ao 31 de agosto.

Horario estimado de luns a venres de 16,30 horas a 23,30 horas.

Fins de semana un máximo de 12 horas, nunca posterior das 22 horas

Horas totais luns a venres: 7 h/día x 5 días/semana = 35 horas/semana

Fins de semana: 12 horas

47 h/semana x 4,34 semanas/mes = 203,98 h/mes x 10 meses = 2.039,80 horas/ano.

Dúas instalacións: 2.039,80 horas/ano x 2 = 4.079,60 horas/ano ≈ 4.080 horas/ano

A maiores debemos de considerar un número mínimo de festivos nos que é preciso que se preste este servizo nestas instalacións que se sumarían ás calculadas.

4 festivos x 8 horas/día = 32 horas

Dúas instalacións: 32 h. x 2= 64 horas/ano

Segundo o artigo 26 do convenio de aplicación temos que considerar 1,5 h. por hora traballada en festivo, é dicir,

64 h. en festivos x 1,5 h. = 96 h. ordinarias

Polo tanto,

4.080 horas/ano + 96 horas = 4.176 horas/ano nos pavillóns Pontepedriña e Fontiñas.

1.E. PAVILLÓNS DO RESTOALLAL E VITE

Cálculase a necesidade de 20 horas de media á semana na prestación do servizo de conserxería por cada polideportivo, en horario preferente de fin de semana.

Consideramos 10 meses de apertura.

20 h./semana x 4,34 semanas/mes x 10 meses = 868 horas

Dúas instalacións: 868 h x 2 = 1.736 horas/ano nos pavillóns de Restolla e Vite

Polo tanto, a prestació do servizo de conserxería a realizar nos polideportivos ascende a:

3.173 h. + 4.176 h. + 1.736 h. = 9.085 horas/ano.

Así que, en definitiva, se temos en conta as **necesidades totais para prestación do servizo de conserxería** de todas as instalacións estudiadas anteriormente temos o seguinte total:

13.577 horas campos de fútbol + 9.085 horas de polideportivos = 22.662 horas ao ano no total das instalacións consideradas neste estudio.

1.2.-PERSONAL NECESARIO

Pois ben, dado que o número total de horas de conserxería ascende a 22.662, para calcular o custo do servizo debemos repartir estas horas entre os traballadores que farán falta para executalas e valoralo de acordo cos salarios de convenio.

De acordo co convenio autonómico de instalacións deportivas e ximnasios, os traballadores destinados a este contrato terán unha xornada anual de 1.710 horas (artigo 26 do convenio).

➤ CAMPOS DE FÚTBOL

Entón, 13.577 horas totais a realizar nestas instalacións dividido entre a xornada anual a considerar de 1.710 h., resulta un total de 7,94 ≈ 8 traballadores necesarios para prestar o servizo.

➤ PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS


Entón, 9.085 horas totais a realizar nestas instalacións dividido entre a xornada anual a considerar de 1.710 horas, resulta un total de 5,31 ≈ 5,4 traballadores necesarios para prestar o servizo.

En total necesitanse 13,40 traballadores para atender a conserxería das instalacións obxecto deste estudio. Non obstante consideramos a cantidad de 13,50 traballadores para compensar, en parte, o absentismo laboral e a nocturnidade.

1.3.-VALORACIÓN ECONÓMICA

Procede agora valorar o custo deste servizo de acordo cos salarios do convenio. Aplicase de acordo co convenio, a categoría grupo 4, nivel II, con independencia das características particulares que na actualidade se recollan nos seus contratos.

Salario dun grupo 4, nivel II segundo convenio de aplicación (táboas salariais 2012)



CONCELLO DE
SANTIAGO

10.553,64 euros/ano de salario base + 1.758,96 euros de pagas extras= 12.312,60 € total cotizable + 4.309,41 € seguridade social (35%) + 720 € de plus de transporte = 17.342,01 €.

Tendo en conta que debemos de considerar 13,50 traballadores x 17.342,01 €/por persoa o total deste apartado sería de 234.117,14 ≈ 234.200 €.

A maiores, tendo en conta o escrito presentado o pasado xoves 3 de xaneiro pola actual empresa concesionaria deste servizo, sumanos á cantidade anteriormente indicada as cantidades AD PERSONAM ANUAL que se establece para o persoal de conserxería que ascende a 19.232,52 €.

En definitiva,

Sumadas as contías consideradas o custo do servizo de conserxería sería : 19.232,52 + 234.200 € = 253.432,52 €/ano.

2. LIMPEZA

O custo económico do servizo de limpeza estimase cun número de horas consideradas como as necesarias para afrontar os traballos cunhas mínimas garantías de satisfacción para o Concello nas instalacións que a continuación se detallan. O cálculo que se recolle no cadro seguinte é unha estimación de mínimos baseada na experiencia e na superficie dos distintos centros. Para o cálculo económico deste servizo considerase o Convenio provincial do sector de limpeza de edificios e locais.

INSTALACIÓN	HORAS DE LIMPEZA
Campos de fútbol	35 horas/semana
Polideportivos	30 horas/semana

Nota 1: Este horario é a repartir entre os 7 días da semana, polo que tamén vai incluída a fin de semana.

Nota 2: A carga horaria diminúe no suposto do campo de fútbol 8 de Belvís.

Polo tanto, faise de novo necesario distinguir entre os campos de fútbol e pavillóns.

2.A.- CAMPOS DE FÚTBOL DE SANTA ISABEL, AS CANCELAS, SAN LÁZARO (SERGAS) E VILLESTRO

O número total é de 35 horas/semana X 4 instalacións x 4,34 semanas/mes x 11 meses = 6.683,6 horas/ano.

A maiores debemos de considerar o importante número de festivos nos que é preciso que se abran estas instalacións que se sumarían ás xa calculadas.

4 festivos x 3 horas/día x 4 instalacións = 48 horas

Polo tanto,

6.683,60 horas/ano + 48 horas = 6.731,60 ≈ 6.740 horas de limpeza/ano a realizar nos catro campos de fútbol.

2.B. CAMPO DE FÚTBOL 8 DE BELVÍS

Para este campo consideramos unha media de 20 horas de prestación do servizo de limpeza á semana. O número de horas é menor con respecto ás instalacións anteriormente comentadas dado que o campo de Belvís trátase dunha instalación máis pequena, que únicamente dispón dun terreo de xogo de fútbol 8 e de dous vestuarios colectivos.

20 h/semana x 4,34 semanas x 10 meses = 868 horas/ano.



CONCELLO DE
SANTIAGO

Polo tanto, o número total de horas de prestación do servizo de limpeza a realizar nos campos de fútbol son:

6.740 h. + 868 h. = 7.608 horas/ano nos campos de fútbol.

2.C.- PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS DE LORENZO DE LA TORRE, PONTEPEDRÍÑA E FONTIÑAS

O número total é de 30 horas/semana x 3 instalacións x 4.34 semanas/mes x 10 meses = 3.906 horas/ano

A maiores debemos de considerar o importante número de festivos nos que é preciso que se abran estas instalacións que se sumarían ás xa calculadas.

4 festivos x 3 horas/día x 3 instalacións = 36 horas

Polo tanto,

3.906 horas/ano + 36 horas = 3.942 horas de prestación do servizo de limpeza/ano a realizar nos tres polideportivos

En conclusión, o número de horas anuais deste servizo a realizar en todas as instalacións obxecto de estudo son de:


7.608 h. en campos de fútbol + 3.942 h. en polideportivos = 11.550 horas anuais de limpeza

Ademais, considérase necesario incluir unha bolsa de horas para unha limpeza específica de cristais e fregados, para o que se estima como razoable comprometer 30 horas ao mes. Así, 30 horas /mes x 10 meses = 300 horas de operario especialista.

2.1.-PERSONAL NECESARIO

Aplicamos o mesmo criterio que para o servizo de conserxería de repartir o número de horas entre as xornadas laborais.

Pois ben, dado que o número total de horas de limpeza ascende a 11.550, para calcular o custo do servizo debemos repartir estas horas entre as xornadas laborais completas que farán falta para executalas e valoralo de acordo cos últimos salarios de convenio.



CONCELLO DE
SANTIAGO

> CAMPOS DE FÚTBOL

Entón, 7.608 horas totais do servizo a realizar nestas instalacións, dividido entre a xornada anual a considerar que se estima en 1.781 horas/ano, resulta un total de 4,27 ≈ 4,3 traballadores necesarios para prestar o servizo.

> PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS

Entón, 3.942 horas totais do servizo a realizar nestas instalacións, dividido entre a xornada anual a considerar que se estima en 1.781 horas/ano, resulta un total de 2,21 ≈ 2,3 traballadores necesarios para prestar o servizo.

En total necesítanse 6,6 traballadores para atender a limpeza das instalacións obxecto deste estudo.
Non obstante consideramos a cantidade de 6,8 traballadores para compensar, en parte, o absentismo laboral.

Por outra banda, no caso do operario especialista serían 300 h/ano dividido entre 1.781 horas/ano, resulta un total de 0,17 traballadores.

2.2.-VALORACIÓN ECONÓMICA

Procede valorar de novo o custo en relación ao salario, aplicando a categoría de convenio de peón ou limpadora.

Salario de peón/limpadora: 13.253,70 euros + 795,60 plus de asistencia = 14.049,30 total cotizable + 4.917,26 seguridade social (35%) + 790,92 plus de transporte = 19.757,48 €


Tendo en conta que debemos de considerar a 6,8 traballadores por 19.757,48 €/persoa o total deste apartado é de 134.350,86 €/ano.

No caso do operario especialista o cálculo total sería:

Salario de operario especialista: 13.595,40 euros + 795,60 plus de asistencia = 14.391 total cotizable + 5.036,85 seguridade social (35%) + 790,92 plus de transporte = 20.218,77 €

Tendo en conta que debemos considerar a 0,17 traballadores por 20.218,77 €/persoa o total deste apartado ascende á cantidade de 3.437,19 ≈ 3.438 €/ano.

En definitiva,



CONCELLO DE
SANTIAGO

Sumadas as contías consideradas o custe do servizo de limpeza sería : 134.350,86 € + 3.438 € = 137.788,86 €/ano.

VALORACIÓN ECONÓMICA

CUSTO ANUAL DO CONTRATO

SERVIZO DE CONSERXERÍA	<u>253.432,52 €</u>
SERVIZO DE LIMPEZA	137.788,86 €
Subtotal	391.221,38 €
Incremento IPC (2,9%)	402.566,80 €
 Gastos xerais (8%)	 32.205,34 €
Beneficio Industrial (5%)	20.128,34 €
 Subtotal	 454.900,48 €
<u>IVE do 21%</u>	<u>95.529,10 €</u>
TOTAL.-	550.429,58 €/ano

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2013

Asdo.: Juan C. Garabato Rodríguez
TÉCNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA
SANTIAGO